



Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia o 23 de maio de 2012

5.1 08/PNP-1576 (76727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel, e seis deputados máis

Sobre a realización dun estudo que permita valorar a conveniencia de que determinadas residencias de persoas maiores dependan, no referido á súa prestación farmacéutica, das farmacias hospitalarias da zona

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 636, do 09.02.2012

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo un estudo que permita valorar a conveniencia de que determinadas residencias dependan na súa prestación farmacéutica das farmacias hospitalarias da zona."

5.2 08/PNP-1758 (81180)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro, e Santalices Vieira, Miguel Ángel

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego co Ministerio de Fomento e o Concello de Ourense para o asinamento dun convenio para a integración urbana do ferrocarril nesa cidade

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 688, do 03.05.2012

O texto aprobado é o seguinte:



"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento e ao Concello de Ourense para recadar destas administracións o asinamento dun convenio para a integración urbana do ferrocarril na cidade de Ourense, que entre outros extremos prevexa:

1.- A constitución dunha sociedade de integración do ferrocarril de alta velocidade coa participación, polo menos, das administracións central, autonómica e local, que tería como obxectivo principal xestionar o desenvolvemento urbanístico e executar as obras de infraestrutura urbana e urbanización correspondentes aos solos incluídos no ámbito de actuación do convenio.

2.- O estudo do soterramento de todo o espazo ferroviario que comprende a actual estación de Ourense-Empalme, incluída toda a zona de talleres, co obxecto de liberar solo para adecualo ás necesidades futuras de Ourense en canto á residencial, terciario, dotacional, zonas verdes-deportivas e infraestruturas viarias".

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia